

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP COUCEIRO FREIJOMIL – PONTEDEUME (A CORUÑA)

CURSO: 3º A / 3º B DE EDUCACIÓN PRIMARIA

DATA: 08 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.5.Recoñecer o tema e as ideas principais de textos breves e sinxelos de diferente tipoloxía.	LCLGB1.5.3.Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
B2.2.Comprensión de textos de diversa tipoloxía.	LCLGB2.2.1.Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCLGB3.1.1.Escribe textos sinxelos , respectando as normas de ortografía e presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.
B4.1.Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCLGB4.1.2.Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos. LCLGB4.1.4.Utiliza as normas ortográficas básicas.
B4.2.Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCLGB4.2.1.Utiliza palabras sinónimas, antónimas e polisémicas. LCLGB4.2.3.Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.
B4.3.Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCLGB4.3.1.Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos escritos sinxelos. LCLGB4.3.2.Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita. LCLGB4.3.3.Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas. LCLGB4.3. 4.Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. LCLGB4.3.5.Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	LCLGB5.4.1.Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.
B1.1.Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas.
B1.3.Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe.	MTB1.3.1.Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas.
B2.1.Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1.Le, escribe e ordena números ata o 10.000.

B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes. MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de suma, resta, multiplicación e división na resolución de problemas contextualizados.
B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.
B3.4. Coñecer as unidades de medida do tempo.	MTB3.4.1. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida. CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais.
B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais.
B3.1. Identificar e clasificar animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno. CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaa.
B3.2. Observar e rexistrar algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica.
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga.	CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.
B2.1. Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC
B2.2. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.	CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos. CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.
B2.3. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa.	CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.

B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna.	CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos
B2.8. Identificar os aparatos de medida que se empregan para na recollida de datos	CSB2.8.1. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.
B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da comunidade autónoma.	CSB2.10.1. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
B2.11. Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive.	CSB2.11.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico. CSB2.11.2. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.
B1.1. Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.
B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras. EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias.	EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.

	EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
B1.2. . Buscar e presentar información e compartila, facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	B1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
B5.1.Recoñecer a os efectos positivos da actividade física, a hixiene , a alimentación e os hábitos posturais sobre a a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde. B5.1.2. Incorpora nas súas rutinas, especialmente no contexto actual, as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene e a saúde corporal.
L.E.Francés. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas necesidades e intereses, e utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	L.E.Francés.Comprende o sentido global de explicacións ou instrucións orais sinxelas
L.E.Francés. Recoñecer os significados e intencións comunicativas xenerais relacionadas con estes	L.E.Francés. Identifica o tema dunha conversación moi sinxela que ten lugar nun espazo público real ou simulado sobre temas coñecidos
L.E.Francés. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades	L.E.Francés. Comprende unha secuencia moi breve e sinxela de instrucións para realizar unha receita
B1.1-Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorna son un don de Deus para a súa felicidade.	REC-B.1.1.2-Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.
B2.1-Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.	REC-B.2.1.2-Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.
B2.3-Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo.	REC-B2.3.2-Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.

B3.3-Comparar as diferentes respostas dos amigos de Xesús á súa chamada.	B3.3.1-Identifica e comenta algunhas características diferenciáis nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evanxélicos.
B3.1 Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.2 Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.	PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.
B4.1 Escribir textos sinxelos seguindo modelos dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1 – Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B5.1 Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais
B5.12 Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.
B1.4.Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos.	VSCB1.4.1.Traballa valorando o esforzo para a consecución de obxectivos. VSCB1.4.3.Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.
B1.6.Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros.	VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas con seguridade e motivación.
B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso.	VSCB1.7.1.Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.

## **COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES:**

Atendendo ao Decreto 105/2014 e á Orde ECD65 traballarase na medida do posible as seguintes competencias clave, con especial interese as catro primeiras.

- 1. Comunicación lingüística (CCL).**
- 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**
- 3. Competencia dixital (CD).**
- 4. Aprender a aprender (CAA).**
- 5. Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).**



## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que <b>se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes</b> realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. <b>A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo</b>, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial <b><u>so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</u></b> A <b>avaliación final</b> das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, <b>valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.</b></p> <p>En ningún caso, o alumnado se verá prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. Levarase a cabo unha análise das producións achegadas a través de diferentes canles, tendo en conta ao alumnado desconectado dixitalmente.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Tomando como referencia as instrucións da Consellería e as decisións tomadas na CCP do Ceip Couceiro Freijomil, <b>establécense como porcentaxes para a avaliación os seguintes:</b></p> <p><b>1º Avaliación : 40%</b> <b>2º Avaliación: 40%</b> <b>3º Avaliación: 20%</b></p> <p><b>Teranse en conta as circunstancias individuais do alumando neste 3º trimestre tan atípico para a avaliación do alumnado.</b></p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>O alumnado con áreas pendentes da anterior avaliación recuperan as áreas a través de actividades de reforzo que os mestres/as titores farán chegar as familias e alumando que se atopen en esa situación.</p>

Todo o exposto e establecido, elaborouse tendo en conta as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e as decisións tomadas na CCP e no Claustro do CEIP Couceiro Freijomil.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Propóñense todas as semanas actividades enfocadas principalmente ao repaso, reforzo e recuperación, tendo en conta a situación de cada alumno/a.</p> <p>Ditas actividades son e serán, na medida do posible, actividades globalizadoras e interdisciplinares.</p> <p>Tamén se desenvolverán, na medida do posible, actividades relacionadas co PDI do centro para este curso “No Couceiro pola Igualdade” e do Proxecto “Isla Fantasía”.</p>
<b>Metodoloxía</b>	<p>As actividades que se propoñen aparecen publicadas no noso blog todos os luns de cada semana e o alumnado ten que realizar as tarefas e enviar unha foto das mesmas ao noso correo electrónico para poder revisalas.</p> <p>Todas as familias nos comentan que poden acceder ás actividades no noso blog e que as están a facer habitualmente nos seus fogares.</p> <p>Neste mesmo correo mantemos contacto con practicamente todas as familias e o alumnado que en ocasións tamén nos escribe.</p> <p>Existen algúns casos moi puntuais nos que a comunicación con ditas familias é vía telefónica posto que teñen dificultade coa conectividade ou cos recursos dispoñibles nos seus fogares.</p> <p>Por último, para os que teñan dificultades de conectividade existe un servizo ofertado polo Concello de Pontedeume polo cal levan ao alumnado as tarefas semanais en papel para que as poidan realizar.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Recursos dixitais de todo tipo. Vídeos, imaxes,...</p> <p>Recursos de Santillana, editorial á que pertencen os nosos libros de texto.</p> <p>Actividades de deseño propio baseadas na interdisciplinabilidade e na globalización de contidos.</p> <p>Especialidades: Correo electrónico, recursos e aplicacións online, materiais impresos, páxina web do centro e blogs das diferentes especialidades.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Para informar ao alumnado envíase unha mensaxe por abalarmóbil a todas as familias. No caso de non recibir resposta das familias procederase a realizar unha chamada de teléfono para informar a todo o alumnado, aproveitando para comentar que poden atopar toda a información tanto no noso blog de aula como na páxina web do noso centro.</p>

<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro, no noso blog de aula e nos blogs das diferentes especialidades.